



SOLICITUDE DE ADMISIÓN (PREINSCRICIÓN) EN TITULACIÓN CON LÍMITE DE PRAZAS EXISTENTES NAS UNIVERSIDADES DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2018/19. (CONVOCATORIA DE XUÑO)

A RESOLUCIÓN conxunta do 27 de marzo de 2018 (DOG nº 73 do 16 de abril), da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2017/18, da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) para o curso 2018/19 establece que en Galicia as ditas probas estarán reguladas, de forma supletoria, e no que resulte compatible co novo marco normativo, pola Orde do 24 de marzo de 2011 (DOG nº 66 do 4 de abril) pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

O artigo 11 da Lei 6/2013, do 13 de xuño (DOG nº 125, de 3 de xullo) do Sistema Universitario de Galicia (SUG), establece no seu punto 1 que para os efectos do ingreso nos centros universitarios, as universidades públicas integrantes do SUG constitúense nun distrito único para os estudos de Grao e Máster.

A Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG), en virtude das competencias que ten atribuídas consonte ao Convenio asinado polos reitores das universidades públicas do SUG en presenza do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria con data 12 de marzo de 2001 e consonte ao previsto na Orde do 24 de marzo de 2011, (DOG do luns, 4 de abril de 2011), pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do sistema universitario de Galicia, resolve abrir o prazo de **solicitud de admisión** en titulacións con límite de prazas do Sistema Universitario de Galicia (SUG) para o curso 2018/19, conforme ás seguintes

BASES

Primeira: OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

O obxecto das presentes Bases é o establecemento das normas e prazos para a xestión do proceso común de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao das universidades públicas do SUG.

O contido das ditas Bases será de aplicación a quen desexe iniciar estudos universitarios oficiais de Grao que se dispensan nas universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia, e non pertencen aos colectivos aos que fan referencia os artigos 29 (*Cambio de universidade e/ou estudos universitarios oficiais españois*) e 30 (*Admisión de estudantes con estudos universitarios estranxeiros*) do RD 412/2014, de 6 de xuño, polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao. A súa aplicación afectará, tanto aos centros propios como aos centros adscritos ás universidades públicas do SUG, agás no que afecta a admisión no Grao en Enxeñaría Mecánica dispensado no Centro Universitario de Defensa (Marín) que se rexerá polo Decreto de provisión de prazas das Forzas Armadas.

Segunda: TIPOS DE SOLICITUDE, PRAZOS E QUEN PODE SOLICITAR

1.- SOLICITUDE ANTICIPADA: do 19 ao 29 de xuño, ata as 14:00 horas do día 29.

- 1) Alumnado en posesión do título de Bacharelato do sistema educativo español ou título equivalente obtido en anos anteriores e coa PAU ou a ABAU aprobada, agás aqueles que se presenten á ABAU na convocatoria ordinaria de 2018.

Amais do alumnado de Bacharelato indicado, tamén poderán solicitar neste prazo:

- a. Alumnado en posesión do título de Bacharelato do sistema educativo español obtido no curso 2015/16 que non accedese á universidade (Disposición transitoria única da Orde ECD/1491/2016 de 22 de decembro), agás aqueles que se presenten á ABAU na convocatoria ordinaria de 2018.
 - b. Alumnado ao que fai referencia a Disposición transitoria única da Orde ECD/1491/2016 de 22 de decembro, que tendo cursado con anterioridade 2º de Bacharelato fose proposto para o título este curso 2016/17, agás aqueles que se presenten á ABAU na convocatoria ordinaria de 2018.
- 2) Titulados/as de Formación Profesional, agás aqueles que se presenten no SUG á Parte Voluntaria da ABAU na convocatoria ordinaria de 2018.
 - 3) Alumnado en posesión do título de Bacharelato Europeo en virtude das disposicións contidas no Convenio polo que se establece o estatuto das Escolas Europeas, feito en Luxemburgo o 21 de xuño de 1994 e o alumnado que obtivera o Diploma do Bacharelato Internacional, expedido pola Organización do Bacharelato Internacional, con sede en Xenebra (Suíza), agás aqueles que se presenten no SUG á Parte Voluntaria da ABAU na convocatoria ordinaria de 2018.
 - 4) Alumnado de países membros da Unión Europea ou de estados cos que se teñan subscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, que cumpran os requisitos académicos esixidos nos seus sistemas educativos de orixe para acceder ás súas universidades mediante Credencial da UNED, agás aqueles que se presenten no SUG á Parte Voluntaria da ABAU na convocatoria ordinaria de 2018.
 - 5) Alumnado en posesión de títulos, diplomas ou estudos homologados ao título de Bacharel do Sistema Educativo Español, obtidos ou realizados en sistemas educativos de Estados que non sexan membros da Unión Europea cos que non se subscribiron acordos internacionais para o recoñecemento do título de Bacharel en réxime de reciprocidade, que cumpran os requisitos académicos esixidos nos seus sistemas educativos para acceder ás súas Universidades, agás aqueles que se presenten no SUG á Parte Voluntaria da ABAU na convocatoria ordinaria de 2018.
 - 6) Titulados/as universitarios do SUG e de Distritos de fóra de Galicia de anos anteriores.
 - 7) Alumnado que teña superadas as probas específicas de acceso á universidade para Maiores de 25 anos.
 - 8) Alumnado que teña superadas no SUG as probas específicas de acceso á universidade para Maiores de 45 anos.

2.- SOLICITUDE ORDINARIA: do 25 de xuño ao 3 de xullo, ata as 14 horas do día 3.

- 1) Alumnado dos centros de Bacharelato da C.A. de Galicia ou de fóra de Galicia que aprobe a ABAU na convocatoria ordinaria de 2018, presente ou non reclamación ás cualificacións obtidas na mesma.

Tamén poderán solicitar neste prazo:

- a. Alumnado en posesión do título de Bacharelato do sistema educativo español obtido no curso 2015/16 que non accedese á universidade (Disposición transitoria única da Orde ECD/1491/2016 de 22 de decembro), se presentase á ABAU na convocatoria ordinaria de 2018, a superase ou non e presente ou non reclamación ás cualificacións obtidas na mesma.
- b. Alumnado ao que fai referencia a Disposición transitoria única da Orde ECD/1491/2016 de 22 de decembro, que tendo cursado con anterioridade 2º de Bacharelato fose proposto para o título este curso 2016/17 e se presentase á ABAU na convocatoria ordinaria de 2018, a superase ou non e presente ou non reclamación ás cualificacións obtidas na mesma.
- 2) Alumnado de centros de Bacharelato da C.A. de Galicia e de fóra de Galicia de anos anteriores que se presente á ABAU na convocatoria ordinaria de 2018 para mellorar a súa nota de acceso, presente ou non reclamación ás cualificacións obtidas na mesma.
- 3) Titulados/as de Formación Profesional dos centros da C.A. de Galicia e de fóra de Galicia que se presenten á ABAU na convocatoria de xuño de 2018, presenten ou non reclamación ás cualificacións obtidas.
- 4) Alumnado de países membros da UE ou estados cos que se teñan subscrito acordos internacionais ao respecto, que cumpra os requisitos académicos esixidos nos seus sistemas educativos de orixe para acceder ás súas universidades mediante credencial da UNED, que se presente á ABAU na convocatoria ordinaria de 2018, presente ou non reclamación ás cualificacións obtidas.
- 5) Alumnado en posesión de títulos, diplomas ou estudos homologados ao título de Bacharel do Sistema Educativo Español, obtidos ou realizados en sistemas educativos de Estados que non sexan membros da Unión Europea cos que non se subscribiron acordos internacionais para o recoñecemento do título de Bacharel en réxime de reciprocidade e cumpra os requisitos académicos esixidos nos seus sistemas educativos de orixe para acceder ás súas universidades, que se presente á ABAU na convocatoria de xuño de 2018, presente ou non reclamación ás cualificacións obtidas.
- 6) Alumnado en posesión de títulos, diplomas ou estudos equivalentes ao título de Bacharelato do Sistema Educativo Español, procedente de sistemas educativos de estados membros da UE ou de estados cos que se teñan subscrito acordos internacionais aplicables aos respecto, que **non cumpra os requisitos académicos** esixidos nos seus respectivos sistemas educativos para acceder ás súas universidades e que, para mellorar a súa nota de acceso á universidade, se presentase a ABAU (Parte Obrigatoria e –de ser o caso- Parte Voluntaria) na convocatoria ordinaria de 2018, mellóra ou non e presente ou non reclamación ás cualificacións obtidas.
- 7) Alumnado en posesión de títulos, diplomas ou estudos homologados ao título de Bacharelato do Sistema Educativo Español, procedente de sistemas educativos de estados que non sexan membros da UE e cos que non se teñan subscrito acordos internacionais aplicables aos respecto, que **non cumpra os requisitos académicos** esixidos nos seus respectivos sistemas



educativos para acceder ás súas universidades e que, para mellorar a súa nota de acceso á universidade, se presentase a ABAU (Parte Obrigatoria e –de ser o caso- Parte Voluntaria) na convocatoria ordinaria de 2018, mellórea ou non e presente ou non reclamación ás cualificacións obtidas.

3.- SOLICITUDE EXTRAORDINARIA: 9 e 10 de xullo, ata as 14 horas do día 10.

- Alumnado que aprobe a ABAU despois da reclamación á segunda corrección.

4.- SOLICITUDES ESPECIAIS:

- Titulados universitarios na convocatoria ordinaria de xuño-xullo do 2018: **do 10 ao 31 de xullo, ata as 14 horas do día 31.**

- Estudiantes que acceden á universidade pola vía prevista no artigo 9.1.b), 9.2.b) e 9.2.c) do RD 412/2014, de 6 de xuño (*Resolución de 1 de marzo de 2018, da Secretaría General de Universidades, pola que se publica o Acordo de marzo de 2018, da Conferencia General de Política Universitaria – BOE do 15 de marzo*): **ata as 14:00 horas do luns 9 de xullo.**

Non obstante, as solicitudes presentadas entre os días 10 e 31 de xullo de 2018 por estes estudantes teranse en conta, respectando os dereitos de admisión de ditos estudantes.

- Data para a publicación da listaxe de admitidos: ata o día 19 de xullo de 2018.
- Período de matriculación: deberá estar aberto desde a data de publicación da listaxe de admitidos.

Estes estudantes realizarán os trámites administrativos de preinscrición ás ensinanzas universitarias do SUG a través dos LERD, en horario de oficina.

Terceira: LUGAR E HORARIO

Os estudantes realizarán os trámites administrativos do acceso a ensinanzas universitarias do SUG preferentemente a través da aplicación informática Nerta (www.edu.xunta.es/nerta/alumnado), aberta **ata as 14:00 horas do último día de cada un dos prazos** sinalados, ou nun dos Lugares de Entrega e Recollida de Documentación (LERD), en horario de oficina (ANEXO I).

Cuarta: DOCUMENTOS

1.- Comúns para todos/as solicitantes:

- Fotocopia do DNI, NIE ou Pasaporte (no caso de estranxeiros/as).
- Solicitud de admisión debidamente cuberta.

Nota: O alumnado dos Centros da C.A. de Galicia que ten os seus datos académicos informatizados na aplicación NERTA non ten que presentar ningunha documentación.

2.- Específicos para o alumnado de Solicitud Anticipada:

a) Alumnado en posesión do título de Bacharelato do sistema educativo español ou título equivalente obtido en anos anteriores (Bacharelato LOE, LOXSE e anteriores ou COU) e coa PAU ou ABAU aprobada, agás aquel alumnado que se presente á ABAU na convocatoria ordinaria de 2018:

- Fotocopia debidamente cotexada da Tarxeta de Cualificación da PAU ou copia da Tarxeta de Cualificación da PAU co código seguro de verificación (csv).
- O alumnado con Probas de Madurez ou con Exame de Estado presentará certificación das súas notas do Bacharelato e das correspondentes á Proba de Acceso á Universidade.
- De ser o caso, documento acreditativo das cualificacións das materias da Parte Voluntaria da ABAU-2017.

b) Alumnado en posesión do título de Bacharelato do sistema educativo español ao que fai referencia a Disposición transitoria única da Orde ECD/1491/2016 de 22 de decembro [véxanse aliñas a. e b. do apartado 1) de Solicitud Anticipada], agás aqueles que se presenten á ABAU na convocatoria ordinaria de 2018:

- Certificación das súas notas de Bacharelato.
- Acreditación de ter aboadas as taxas para a expedición do título de Bacharelato.
- De ser o caso, documento acreditativo das cualificacións das materias da Fase Específica da ABAU-2017.

c) Titulados/as de Formación Profesional, agás aqueles que se presenten á Parte Voluntaria da ABAU na convocatoria ordinaria de 2018:

- Certificación expedida polo centro das cualificacións obtidas nos respectivos estudos.

Nota: No caso de alumnado non pertencente ao SUG, na certificación deberán constar as cualificacións obtidas nos Módulos.

- Acreditación de ter aboadas as taxas para a expedición do título.
- De ser o caso, documento acreditativo das cualificacións das materias da Parte Voluntaria da ABAU-2017.

d) Alumnado en posesión do título de Bacharelato Europeo en virtude das disposicións contidas no Convenio polo que se establece o estatuto das Escolas Europeas, feito en Luxemburgo o 21 de xuño de 1994 e o alumnado que obtivera o Diploma do Bacharelato Internacional, expedido pola Organización do Bacharelato Internacional, con sede en Xenebra (Suíza), agás aqueles que se presenten á Parte Voluntaria da ABAU na convocatoria ordinaria de 2018:

- Credencial expedida pola UNED. (Esta terá validez a efectos de admisión e matrícula durante dous anos desde a data de expedición).
- De ser o caso, documento acreditativo das cualificacións das materias da Parte Voluntaria da ABAU-2017.

e) Alumnado de países membros da Unión Europea ou de estados cos que se teñan subscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, que cumpran os requisitos académicos esixidos nos seus sistemas educativos de orixe para acceder ás súas universidades mediante Credencial da UNED, agás aqueles que se presenten á Parte Voluntaria da ABAU na convocatoria ordinaria de 2018:

- Credencial expedida pola UNED. (Esta terá validez a efectos de admisión e matrícula durante dous anos desde a data de expedición).
- De ser o caso, documento acreditativo das cualificacións das materias da Parte Voluntaria da ABAU-2017.

f) Alumnado en posesión de títulos, diplomas ou estudos homologados ao título de Bacharel do Sistema Educativo Español, obtidos ou realizados en sistemas educativos de Estados que non sexan membros da Unión Europea cos que non se subscribiron acordos internacionais para o recoñecemento do título de Bacharel en réxime de reciprocidade e cumpran os requisitos académicos esixidos nos seus sistemas educativos de orixe para acceder ás súas universidades, agás aqueles que se presenten á Parte Voluntaria da ABAU na convocatoria ordinaria de 2018.

- Credencial de Homologación do título, diploma ou estudo equivalente ao título de Bacharelato ou, no seu defecto, copia da solicitude de homologación (Art. 4 do RD 412/2014).
- De ser o caso, documento acreditativo das cualificacións das materias da Parte Voluntaria da ABAU-2017.

Nota: No caso do alumnado que faga a súa solicitude de admisión aportando unicamente copia da solicitude de homologación do título, diploma ou estudo (Art. 4 do RD 412/2014), a súa nota de acceso será un 5.000.

g) Titulados/as universitarios de anos anteriores:

- Certificación académica oficial das cualificacións obtidas nos estudos universitarios oficiais.
- Acreditación de ter aboadas as taxas para a expedición do título.
- No caso de titulados universitarios en centros estranxeiros, homologación do título.

Nota: No caso de titulados universitarios (Grao, 1º ciclo, 1º e 2º ciclo e 2º ciclo) con dous ou máis títulos tomarase a cualificación daquel título que máis lles beneficie.

No caso de titulados que soliciten praza cun título oficial de posgrao (Máster oficial), deberán aportar ademais certificación académica oficial do título ou títulos universitarios que lle dera acceso aos estudos oficiais de posgrao (Máster). A súa Nota de Admisión será a nota resultante da suma da nota media do título de Grao ou equivalente (de ser o caso, daquel que máis lle beneficie) e do título de Máster, dividida por dous: $NA = (NMG + NMM)/2$.

Nota: No caso de solicitudes de praza de estudantes con estudos universitarios estranxeiros parciais ou totais que non obtivesen a homologación ou equivalencia dos seus títulos, diplomas ou estudos en España deberán dirixir a súa solicitude á universidade correspondente e resolveranse polo Reitor da dita Universidade, de acordo co establecido no Artigo 30 do RD 412/2014, de 6 de xuño.

h) Alumnado que superase a proba de acceso á universidade específica para Maiores de 25 anos:

- Certificación académica oficial da cualificación obtida na proba para M25.



i) Alumnado que superase a proba de acceso á universidade específica para Maiores de 45 anos:

- Certificación académica oficial da cualificación obtida na proba para M45.

k) Alumnado de fóra do Sistema Universitario de Galicia con Probas de Aptitude para o Acceso ao grao en Ciencias da Actividade Física. Para aquel alumnado de fóra do Sistema Universitario de Galicia que desexe acceder ao Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte do Campus de Pontevedra (Universidade de Vigo), amais da documentación correspondente:

- Certificación da Secretaría da Facultade ou centro correspondente na que figure a superación coa cualificación de APTO e ano de realización das correspondentes Probas de Aptitude.

3.- Específicos para o alumnado de Solicitud Ordinaria:

a) Alumnado dos centros de Bacharelato da C.A. de Galicia ou de fóra de Galicia que aprobe a ABAU na convocatoria ordinaria de 2018, presenten ou non reclamación ás cualificacións obtidas na mesma:

- No caso de alumnado de Distritos Universitarios de fóra de Galicia, fotocopia debidamente cotexada da Tarxeta de Cualificación da ABAU ou copia da mesma co código seguro de verificación (csv).

b) Alumnado en posesión do título de Bacharelato do sistema educativo español ao que fai referencia a Disposición transitoria única da Orde ECD/1491/2016 de 22 de decembro [véxanse aliñas a. e b. do apartado 1) de Solicitud Anticipada], que non aprobe a ABAU na convocatoria ordinaria de 2018, presenten ou non reclamación ás cualificacións obtidas na mesma:

- Certificación académica oficial na que conste a nota media de Bacharelato.
- Documentación acreditativa de estar en posesión do título de Bacharelato ou de ter aboadas as taxas para a expedición do dito título.

c) Alumnado de centros de Bacharelato da C.A. de Galicia e de fóra de Galicia e alumnado de países membros da UE ou estados cos que se teñan subscrito acordos internacionais ao respecto, que cumpra os requisitos académicos esixidos nos seu sistema educativo de orixe para acceder ás súas universidades mediante credencial da UNED, que se presente á Parte Voluntaria da ABAU na convocatoria ordinaria de 2018, presente ou non reclamación ás cualificacións da mesma:

- No caso de alumnado de Distritos de fóra de Galicia, fotocopia debidamente cotexada da Tarxeta de Cualificación da ABAU ou copia da mesma co código seguro de verificación (csv)..
- Estranxeiros/as, credencial expedida pola UNED. (Esta terá validez a efectos de admisión e matrícula durante dous anos desde a data de expedición). De ser o caso, documento acreditativo das cualificacións das materias da Parte Voluntaria da ABAU.

d) Titulados/as de Formación Profesional dos centros da C.A. de Galicia e de fóra de Galicia que se presenten á Parte Voluntaria da ABAU na convocatoria ordinaria de 2018, presenten ou non reclamación ás cualificacións:

- Certificación expedida polo centro das cualificacións obtidas nos respectivos estudos.

Nota: No caso de alumnado non pertencente ao SUG, na certificación deberán constar as cualificacións obtidas nos Módulos.

- Acreditación de ter aboadas as taxas para a expedición do título.
- De ser o caso, documento acreditativo das cualificacións das materias da Parte Voluntaria da ABAU.

e) Alumnado en posesión de títulos, diplomas ou estudos de Bacharelato ou Bacharel procedentes de sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou doutros Estados cos que se subscribiran acordos internacionais aplicables a este respecto, en réxime de reciprocidade, que non cumpra os requisitos académicos esixidos no seu sistema educativo para acceder ás súas Universidades, que se presente á ABAU para mellorar a súa cualificación na convocatoria ordinaria de 2018, presente ou non reclamación e, mellore ou non a súa cualificación.

- Credencial de Homologación do título, diploma ou estudo equivalente ao título de Bacharelato ou copia da solicitude de homologación (Art. 4 do RD 412/2014).
- De ser o caso, documento acreditativo das cualificacións das materias da Parte Voluntaria da ABAU.

Nota: No caso do alumnado que faga a súa solicitude de admisión aportando unicamente copia da solicitude de homologación do título, diploma ou estudo (Art. 4 do RD 412/2014), a súa nota de acceso será un 5.000.

f) Alumnado en posesión de títulos, diplomas ou estudos homologados ao título de Bacharel do Sistema Educativo Español, obtidos ou realizados en sistemas educativos de Estados que non sexan membros da Unión Europea cos que non se subscribiron acordos internacionais para o recoñecemento do título de Bacharel en réxime de reciprocidade e cumpra os requisitos de acceso á súa universidades, que se presente á Parte Voluntaria da ABAU na convocatoria ordinaria de 2018 para mellorar a súa cualificación, presente ou non reclamación e, mellore ou non a cualificación.

- Credencial de Homologación do título, diploma ou estudo equivalente ao título de Bacharelato ou copia da solicitude de homologación (Art. 4 do RD 412/2014).
- De ser o caso, documento acreditativo das cualificacións das materias da Parte Voluntaria da ABAU.

Nota: No caso do alumnado que faga a súa solicitude de admisión aportando unicamente copia da solicitude de homologación do título, diploma ou estudo (Art. 4 do RD 412/2014), a súa nota de acceso será un 5.000.

g) Alumnado de fóra do Sistema Universitario de Galicia con Probas de Aptitude para o Acceso ao Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte. Para aquel alumnado de fóra do Sistema Universitario de Galicia que desexe acceder ao Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte do Campus de Pontevedra (Universidade de Vigo), amais da documentación correspondente:

- Certificación da Secretaría da Facultade ou centro correspondente na que figure a superación das correspondentes Probas de Aptitude coa cualificación de APTO e ano de realización das mesmas.

NOTA IMPORTANTE

Alumnado con un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, así como aqueles estudantes con necesidades educativas especiais permanentes asociadas a circunstancias persoais de discapacidade recoñecidas e acreditadas, que durante a súa escolarización anterior precisasen de recursos e apoios para a súa plena normalización educativa: Amais dos documentos comúns e específicos, o alumnado ao que fai referencia o artigo 26 do RD 412/2017, de 6 de xuño, que desexa acollerse á cota de prazas reservada para este colectivo deberá presentar, segundo corresponda:

- Resolución ou Certificado acreditativo expedido pola Consellería ou organismo competente da Xunta de Galicia, da comunidade autónoma de procedencia do interesado ou interesada, ou polo IMSERSO.

Consideraranse afectados por unha minusvalía en grao igual ou superior ao 33 por cento:

- os estudantes pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez.
- os estudantes pensionistas de Clases Pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

Neste caso deberán presentar, segundo corresponda:

- Resolución do INSS, recoñecendo a condición de pensionista por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez.
- Resolución do Ministerio de Economía y Hacienda ou do Ministerio de Defensa recoñecendo unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

➤ **Deportistas de Alto Nivel e Alto Rendemento:** Amais dos documentos comúns e específicos, o alumnado que desexen acollerse á cota de prazas reservada para este colectivo deberá presentar:

- **Deportistas de Alto Nivel:** *copia da relación de Deportistas de Alto Nivel publicada no BOE na que figure o/a interesado ou –no seu caso- certificado da resolución do Presidente do Consejo Superior de Deportes na que se acredite tal condición.*
- **Deportistas de Alto Rendemento:** *Dado que os Deportistas de Alto Rendemento non figuran en ningunha relación, nin saen publicados no BOE, certificado que acredite a condición de Deportista de Alto Rendemento do Consejo Superior de Deportes ou do organismo competente da Comunidade Autónoma.*
- **No caso dos Deportistas Galegos de Alto Nivel (DGAN), copia da correspondente relación publicada no "Diario Oficial de Galicia" na que figure o/a interesado ou certificado da Consellería da Xunta de Galicia con competencias no tema.**

| NIVEL | DEPORTISTAS DE ALTO RENDEMENTO - DEFINICIÓN | CERTIFICADO |
|-------|---|------------------------------|
| a | Que fosen seleccionados polas diferentes federacións deportivas españolas, para representar a España en competicións oficiais internacionais en categoría absoluta, cando menos un dos dous últimos anos. | CONSEJO SUPERIOR DE DEPORTES |
| b | Que fosen seleccionados polas diferentes federacións deportivas españolas, para | CONSEJO SUPERIOR |

| | | |
|---|--|------------------------------|
| | representar a España en competicións oficiais internacionais en categorías de idade inferiores á absoluta, cando menos un dos dous últimos anos. | DE DEPORTES |
| c | que sexan deportistas cualificados como de alto rendemento ou equivalente polas comunidades autónomas, de acordo coa súa normativa. | CC.AA. |
| d | que sigan programas tutelados polas federacións deportivas españolas nos centros de alto rendemento recoñecidos polo Consejo Superior de Deportes | CONSEJO SUPERIOR DE DEPORTES |
| e | que sigan programas de tecnificación tutelados polas federacións deportivas españolas | CONSEJO SUPERIOR DE DEPORTES |
| f | que sigan programas tutelados polas comunidades autónomas ou federacións deportivas autonómicas, nos Centros de tecnificación recoñecidos polo Consejo Superior de Deportes | CONSEJO SUPERIOR DE DEPORTES |
| g | que sigan programas tutelados polas comunidades autónomas ou federacións deportivas autonómicas, nos Centros de tecnificación recoñecidos polo Consejo Superior de Deportes. | CC.AA. |

Quinta: REQUISITOS QUE DEBE REUNIR A DOCUMENTACIÓN

1.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN:

De conformidade co disposto no *artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*, os documentos que se dirixan a esta Comisión poderán presentarse nalgún dos seguintes rexistros:

- a) Nos Rexistros xerais das tres universidades do SUG ou nos rexistros auxiliares.
- b) Nos Rexistros oficiais da Administración Xeral do Estado ou das Comunidades Autónomas.
- c) Nos rexistros de entidades que integran a Administración Local, sempre que se asinase o oportuno convenio.
- d) Nas oficinas de correos de España, na forma que regulamentariamente está establecida.
- e) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.

2.- COMPULSAS OU COTEXO DE DOCUMENTOS EXPEDIDOS EN ESPAÑA: só serán válidas as compulsas que realicen os seguintes órganos ou unidades administrativas:

- a) Rexistros relacionados no punto anterior.
- b) Unidade administrativa onde se tramita o expediente.
- c) Organismo español que expediu o documento.
- d) Notarios españois.
- e) Representación diplomática española, no caso de que se presente no estranxeiro.

NOTA IMPORTANTE

- Todas as fotocopias estarán *compulsadas* ou *cotexadas* por órganos ou unidades administrativas distintas as citadas no anterior apartado, ou deberase exhibir o orixinal destas no momento de presentación da solicitude. Este último requisito é obrigado cando se trate de fotocopias do Libro Escolar ou cando nas copias compulsadas non se identifique claramente o organismo/unidade administrativa que expide a compulsas ou o cargo, nome e apelidos de quen as asina.
- Todos os documentos deberán *presentarse coa solicitude de admisión* ou, no seu defecto, dentro dos dez días naturais seguintes ao peche do prazo de solicitude (13 de xullo).
- No caso de que a solicitude de admisión sexa remitida por correo, deberá figurar nesta a data de envío autenticada polo organismo correspondente.

Sexta: NORMATIVA

Na solicitude de admisión o alumnado poderá indicar, por orde de preferencia, **ata cinco ensinanzas universitarias diferentes**, cun máximo de dez peticións no caso de ensinanzas universitarias oficiais de grao dispensada en máis dun centro. O solicitante quedará vinculado pola orde de preferencia que estableza na súa solicitude.

É fundamental a orde de preferencia, posto que o alumno/a será admitido nunha única titulación, que será aquela de maior preferencia na que acade a nota do último alumno admitido. As titulacións solicitadas en menor preferencia a aquela na que resulte admitido eliminaranse automaticamente das listas de espera.

É imprescindible indicar correctamente o **código da titulación** (ver Anexo II), xa que a asignación de prazas se leva a cabo informaticamente a partir deste número do código que implica o nome da titulación e o campus no que se imparte.

Na convocatoria de setembro non se ofertarán as titulacións que teñan todas as prazas esgotadas pola matrícula de xullo, ou aquelas nas que a CiUG estimase que existen datos obxectivos que aconsellen esta acción.

No caso dos **titulados universitarios, alumnado coas Probas de Acceso á Universidade para maiores de 25 ou 45 anos superadas**, haberá un único prazo de solicitude correspondente á convocatoria de xuño.

Aqueles solicitantes que reúnan os requisitos para solicitar por máis dunha cota poderán facer uso de dita posibilidade.

1.- PRIORIDADE TEMPORAL NA ADXUDICACION

Tendo en conta a orde de prelación na adxudicación de prazas establecido no punto 6 do Capítulo III (*Criterios específicos para a adxudicación de prazas nas universidades públicas do SUG*) do "Acordo das universidades públicas do sistema universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao do SUG para o curso 2018-2019" aprobado polos respectivos Consellos de Goberno das Universidades de Coruña, Santiago de Compostela e Vigo; as solicitudes que estean en igualdade de condicións, ordenaranse en función da notade admisión que corresponda, expresada en tres cifras decimais e arredondada á milésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior.

Para o acceso ás titulacións con límite de prazas *non existe unha nota determinada previamente*, senón que esta depende do número de prazas existentes para a titulación, do número de solicitantes e das cualificacións que estes acaden.

Esta "*nota de acceso*" ou "*nota de corte*" correspóndese coa nota do último alumno/a admitido/a en cada titulación.

2.- OFERTA DE PRAZAS E COTAS DE RESERVA POR COLECTIVOS

O total de prazas que para cada ensinanza universitaria oficial de grao rexistrada no Registro de Universidades, Centros y Títulos (RUCT) oferten as universidades do SUG repartiranse entre a **Cota Xeral** e as **Cotas de Reserva** a que se refiren os artigos do 24 ao 28 do Capítulo V do RD 412/2014, de 6 de xuño (BOE nº 138, de 7 de xuño) e o Capítulo III (*Criterios específicos para a adxudicación de prazas nas universidades públicas do SUG*) do "Acordo das universidades públicas do sistema universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao

do SUG para o curso 2018-2019" aprobado polos respectivos Consellos de Goberno das Universidades de Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

Por non tratarse de ensinanzas rexistradas no Registro de Universidades, Centros y Títulos (RUCT), nas **Simultaneidades de Estudos de Grao só se ofertarán prazas pola Cota Xeral.**

As prazas obxecto de reserva que queden sen cubrir acumularanse ás ofertadas polas universidades pola cota xeral, en cada unha das convocatorias de preinscrición (ordinaria e extraordinaria), agás o disposto para os deportistas de alto nivel no artigo 27 do Real decreto 412/2014, do 7 de xuño.

a) Cota Xeral:

- As prazas da cota xeral adxudicaranse aos estudantes que reúnan algún dos requisitos establecidos no punto 4 dos principios xerais (*Procedemento de admisión*) do Acordo das universidades públicas dos sistema universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao do SUG, para o curso 2017-2018, atendendo a súa Nota de Admisión.

b) Cotas de Reserva:

- Maiores de 25 anos: **2 por 100**
- Maiores de 45 anos: **2 por 100**
- Maiores de 40 anos: **1 por 100**
- Estudantes con discapacidade: **5 por 100**
- Deportistas de alto nivel ou de alto rendemento: **3 por 100**. Nos graos en Ciencias da Actividade Física e do Deporte e en Fisioterapia terán un **8 por 100**).

As prazas reservadas para este colectivo adxudicaranse tendo en consideración os seguintes criterios:

1º) Nota de Admisión

2º) Deportistas de Alto Nivel (Artigo 2.2. do RD 971/2007, de 13 de xullo).

3º) Deportistas de Alto Rendemento (Artigo 2.3. do RD 971/2007, de 13 de xullo).

- Titulados universitarios: **1 por 100**

3.- ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS E PROCEDEMENTO DE MATRÍCULA

A CiUG asignará as prazas ofertadas en cada ensinanza universitaria oficial de grao en cada unha das convocatorias e prazos de matrícula que se establezan. A cada estudante asignaráselle a ensinanza universitaria de maior preferencia que lle corresponda en función da cota pola cal se solicita o acceso e tendo en conta, en todo caso, a orde de prelación, os criterios de valoración e a preferencia para a adxudicación de prazas establecidos.

Os solicitantes **convocados** para matricularse na **ensinanza** universitaria oficial de grao **solicitada** en **primeiro lugar de preferencia**, **deberán matricularse** no prazo establecido para o efecto; **de non facelo perderán todos seus dereitos de matrícula**. Enténdese por primeira preferencia aquela que o alumnado solicite en primeiro lugar, ou en lugares sucesivos se as ensinanzas universitarias solicitadas por enriba dela esgotaron as súas prazas.

Se o solicitante aparece **convocado/a nunha titulación que non sexa a de primeira preferencia** poderá esperar a matricularse nela (en sucesivas convocatorias) en tanto non se peche a matrícula nas

titulacións solicitadas con maior preferencia. No caso de matricularse nela, decae dos seus dereitos de continuar no proceso de ingreso en titulacións con preferencia superior.

Sétima: CONVOCATORIAS E PRAZOS DE MATRÍCULA

| PRAZOS DE MATRÍCULA | Prazo | Data de Publicación de Listaxes de Convocados | Día | DATAS DE MATRÍCULA | Días | | | |
|---------------------|-------|---|-----|--------------------|----------|----|----|--|
| | 1º | | 16 | | 17 | 18 | 19 | |
| 2º | 23 | 24 | 26 | 27 | | | | |
| 3º | 31 | 01 | 02 | 03 | AGOSTO | | | |
| 4º | 28 | 29 | 30 | 31 | | | | |
| 5º | 4 | 05 | 06 | 07 | SETEMBRO | | | |
| 6º | 10 | 11 | 12 | 13 | | | | |
| 7º | 4 | 05 | 08 | 09 | OUTUBRO | | | |
| 8º | 11 | 15 | 16 | 17 | | | | |

Nota: a matrícula deberá realizarse antes das 14:00 horas do último día de matrícula sinalado para cada un dos prazos. No caso contrario, e de non existir causa de forza maior debidamente xustificada, o solicitante decaerá no seu dereito.

Oitava.- RECLAMACIÓN POR SUBSANACIÓN E CORRECCIÓN DE ERROS

Os solicitantes poderán presentar reclamación á súa asignación de prazas no prazo de tres días hábiles seguintes á publicación da listaxe correspondente. A reclamación, dirixida ao presidente da CiUG, deberá presentarse na sede da CiUG ou no LERD no que presentou solicitude de acceso (preinscrición).

O motivo da reclamación deberá ser xustificado polos medios que o reclamante estime oportunos. De non considerala debidamente xustificada, a CiUG poderá solicitar documentación complementaria para a axeitada valoración da mesma.

A resolución da reclamación correspóndelle á CiUG e será asinada polo delegado do reitor da universidade en que se imparta a ensinanza universitaria obxecto da reclamación. A resolución da reclamación ponlle fin á vía administrativa. Con carácter xeral, o resultado comunicaráselle ao interesado ou interesada a través das listaxes de asignación de prazas e indicárase, se é o caso, o prazo para matricularse.

Contra a resolución poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo de un mes perante a propia CiUG, que porá fin á vía administrativa. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso potestativo de reposición.

Novena.- RECURSOS

Contra a publicación de cada unha das listaxes de convocados (admitidos), que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición diante o presidente da CiUG no prazo de un mes, segundo establece a Lei 39/2015, de 1 de outubro, ou recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á publicacións das listaxes. No caso de presentar recurso contencioso-



administrativo, a Administración demandada será a universidade responsable da ensinanza universitaria na que o estudante solicita o ingreso. No caso de demanda, a responsabilidade en materia de persoal corresponderá a cada universidade.

Décima.- TITULACIÓNS DO SUG CON LÍMITE DE PRAZAS PARA O CURSO 2018-2019.

Na páxina web da CiUG e no Anexo II dispoñen da relación de titulacións con límite de prazas existentes nas tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) para o curso 2018-2019, con indicación do código da titulación e do número de prazas existentes en cada unha delas.

Santiago de Compostela, 15 de junio de 2018

Asdo.: Luis María Hervella Torrón
Presidente de la CiUG

ENCARGADOS/AS. DOS LERD.-
RESPONSABLES DA APLICACIÓN INFORMÁTICA NERTA.-

ANEXO I

Lugares de Entrega e Recollida de Documentación



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

• **LERD 1 Campus de Santiago de Compostela**

Servizo de Xestión Académica
Pavillón Estudiantil, 2º andar-Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
INFORMACIÓN OIU: 881 812 000 / 881 811 000
Fax: 881 814 855 // Correo: sxa@usc.es

• **LERD 2 Campus de Lugo**

Edificio Biblioteca-Intercentros, planta baixa
Campus Universitario
27002 Lugo
Tel: 982 285 900, extensións: 23577 / 23579 / 23578
Fax: 982 823560 // Correo: sxa.lugo@usc.es



UNIVERSIDADE DE CORUÑA

• **LERD 3 Campus de Elviña - A Coruña**

Pavillón de estudantes
Campus de Elviña
15192 A Coruña
Tel. 981.167.000 ext: 1190 / 1192 // Correo: lerdcoruna@udc.es

• **LERD 4 Campus de Ferrol**

Campus de Esteiro
Edificio de Apoio ao Estudo, planta baixa
15403 Ferrol
Tel: 981.337.451
Fax: 981.337.417 // Correo: lerdfer@udc.es



UNIVERSIDADE DE VIGO

• **LERD 5 Campus de Vigo - SIOPE**

Edificio Miralles
Campus Universitario-Lagoas Marcosende
36310 - Vigo
Tel: 986.813.630 / 986.813.755
Fax: 986.813.639 // Correo: sie@uvigo.es

• **LERD 6 Campus de Ourense**

Unidade Administrativa
Área de Servizos á Comunidade
Campus As Lagoas
32004 Ourense
Tel: 988.387.102
Fax: 988.387.165 // Correo: asc-ou@uvigo.es

• **LERD 7 Campus de Pontevedra**

E.U. de Enxeñaría Técnica Forestal
Área de Servizos á Comunidade
Campus A Xunqueira
36005 Pontevedra
Tel.: 986.801949
Fax: 986.802060 // Correo: asc-po@uvigo.es



ANEXO II

OFERTA DE PRAZAS E TITULACIÓNS CURSO 2018 - 2019

| | | |
|---|---|----|
| 7010 | Información e Documentación | 25 |
| 7011 | Podoloxía | 50 |
| 7012 | Relacións Laborais e Recursos Humanos | 60 |
| 7013 | Enxeñaría Naval e Océanica | 45 |
| 7014 | Xestión Industrial de Moda (**) | 50 |
| SIMULTANEIDADE DE ESTUDIOS – GRAOS EN: | | |
| 7101 | Enxeñaría Mecánica e Enxeñaría Naval e Océanica | 12 |

(1) O Grao en *Tecnoloxía da Enxeñaría Civil* xunto co Mestrado en *Enxeñaría de Camións, Canais e Portos* substitúen á anterior titulación de *Enxeñaría de Camións, Canais e Portos*.

(2) O Grao en *Enxeñaría en Tecnoloxía Industrial* xunto co Mestrado Universitario en *Enxeñaría Industrial* substitúen a anterior titulación de *Enxeñaría Industrial*.

(3) Para o acceso ao Grao en *Enxeñaría Mecánica* do Centro Universitario de Defensa – Marín véxase o Decreto de provisión de prazas das Forzas Armadas.

(*) Grupo específico con docencia en inglés

(**) Grao con requisitos de admisión específicos, ver:

<https://prazasindustrialmoda.udc.gal>

| CAMPUS DE LUGO | | | CAMPUS DE VIGO | | |
|---|---|------|----------------|--|-----|
| CÓD | GRAO EN: | PREZ | 3011 | 3012 | 70 |
| 5001 | Administración e Dirección de Empresas | 90 | 3013 | Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicacións | 50 |
| 5002p | Ciencias da Cultura e Difusión Cultural (Modalidade Presencial) | 40 | 3013aq | Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicacións* (Grupo en Inglés) | 130 |
| 5002s | Ciencias da Cultura e Difusión Cultural (Modalidade Semipresencial) | 25 | 3014 | Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos | 20 |
| 5004 | Enxeñaría (Centro Adscrito) | 68 | 3015 | Enxeñaría Eléctrica | 50 |
| 5006 | Enxeñaría Civil | 45 | 3016 | Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática | 79 |
| 5009 | Enxeñaría Forestal e do Medio Natural | 45 | 3017 | Enxeñaría en Organización Industrial | 64 |
| 5010 | Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais | 50 | 3018 | Enxeñaría en Química Industrial | 50 |
| 5011 | Mestre en Educación Infantil | 82 | 3019 | Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais | 68 |
| 5012 | Mestre en Educación Primaria | 82 | 3019aq | Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais* (Grupo en Inglés) | 20 |
| 5013 | Nutrición Humana e Dietética | 60 | 3020 | Enxeñaría Mecánica | 122 |
| 5014 | Relacións Laborais e RR. HH. (Adscrito condicións económicas especiais) | 57 | 3022 | Linguas Estranxeiras | 90 |
| 5015 | Veterinaria | 110 | 3023 | Química | 60 |
| 5016 | Lingua e Literatura Españolas | 45 | 3024 | Relacións Laborais e Recursos Humanos | 80 |
| 5017 | Xestión de Pequenas e Medias Empresas | 45 | 3025 | Tradución e Interpretación: Español - Inglés | 50 |
| 5018 | Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria | 45 | 3026 | Tradución e Interpretación: Español - Francés | 20 |
| 5019 | Paísaxe (1º e 2º curso dispónsase en Lugo-USC / 3º e 4º en Coruña-UDC) | 50 | 3027 | Tradución e Interpretación: Galego - Inglés | 40 |
| SIMULTANEIDADE DE ESTUDIOS – GRAOS EN: | | | 3028 | Tradución e Interpretación: Galego - Francés | 10 |
| 5102 | Enx. Agrícola e Agroalimentaria e Enx. Forestal e do Medio Natur. | 10 | 3029p | Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios (Modalidade Presencial) | 40 |
| 5103 | Mestre en Educación Infantil e Mestre en Educación Primaria | 16 | 3029s | Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios (Modalidade Semipresen.) | 10 |
| SIMULTANEIDADE DE ESTUDIOS – GRAOS EN: | | | 3030 | Enxeñaría Biomédica | 50 |
| 3101 | Administración e Dirección de Empresas e Dereito | 40 | | | |

CENTRO UNIVERSITARIO DE DEFENSA - MARIN

Grao en Enxeñaría en Mecánica (Centro Adscrito – condicións de acceso especiais) (3)

68

UNIVERSIDADE DE CORUÑA

A matrícula poderá realizarse a través de internet nos centros onde se imparten cada un dos Graos:

<http://matricula.udc.es/MatriculaPrimeiro/>

UNIVERSIDADE DE CORUÑA

Tel.: 981 167 000 – Ext. 1190 / 1192

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A matrícula deberá realizarse a través de internet:

<http://matricula.usc.es>

Campus de Santiago: Unidades de Xestión Académica (UXA) Campus Norte e Sur.
Campus de Lugo: Unidade de Xestión Académica (UXA) do Campus Universitario.

TELÉFONOS DE INFORMACIÓN

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tel.: 881 812 000 / 881 811 000

UNIVERSIDADE DE VIGO

A matrícula poderá realizarse a través de internet nos centros onde se imparten cada un dos Graos:

<http://seix.uvigo.es/automatricula>

UNIVERSIDADE DE VIGO

Tel.: 986 813 630

CIUG - Telf.: 881 813 452 (de 09,00 a 14,00 horas) - <http://ciug.gal/>